




**AXENDA TOMIÑO**  
**VERÁN 2023**  
XUÑO—SETEMBRO



cultura—infancia—mocidade—deporte—turismo  
voluntariado—eurocidade





ER  
ÁN

cultura—infancia  
mocidade—deporte  
turismo—voluntariado  
eurocidade

**CIMDTVE**



# CUL TURA

*#OSonDasPrazas*

*#Cultura*




*#OSonDasPrazas  
#Cultura*

## CONCERTO XXV ANIVERSARIO AGRUPACIÓN MUSICAL DE GOIÁN

**24****sábado**  
xuño

Praza Pintor Antonio  
Fernández  
20.00 h  
Todos os públicos  
De balde

A Agrupación Musical de Goián conmemora o XXV aniversario da súa creación cunha programación moi especial.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## UXÍA LAMBONA E A BANDA MOLONA

**02****domingo**  
xullo

Praza Pintor Antonio  
Fernández  
21.00 h  
Todos os públicos  
De balde

Uxía Lambona e a Banda Molona recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, desde 'A Carolina' rapeada ata 'O Jato' rockeiro. Moitos temas tradicionais e algún que outro propio, pasando polo ska, o reggae, o klezmer, a cumbia, o tango... Cancións moi dinámicas que fan que meniños e meniñas sexan protagonistas neste concerto cheo de bailes, xogos, coreografía e algunha sorpresa.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## 'EN BUSCA DOS MONSTROS', DE TRÉMOLA TEATRO

**06****xoves**  
xullo

Praza da Mina  
19.30 h  
Todos os públicos  
De balde

A Paula danlle moito medo os monstros, por iso decide converterse en exploradora e ir en busca deles. A través desta viaxe, Paula pasará por diferentes países ata chegar ao temido “País dos Monstros” onde aprenderá a perderlles o medo.



#Música&Románico  
#OSonDasPrazas  
#Cultura

## CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

**07****venres**  
xullo

Igrexa de Santa María  
de Tebra  
20.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Ao son do acordeón diatónico, o violín e a voz, Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras achégannos a esencia das músicas de raíz cun toque moderno e fresco co seu primeiro traballo 'Aire!', no que participan diversas figuras de reputación internacional coma Abraham Cupeiro ou Silvia Pérez Cruz. Estas dúas mozas acadaron dous dos máis importantes premios da música en España, o 1º Premio Martín Códax da Música 2021 e o 1º Premio no Folkez Blai 2021. De seguro que o público vibrará ao son da súa música!





#OSonDasPrazas  
#Cultura

## V EDICIÓN VAIDESON 23

**08**

sábado  
xullo

Praza do Seixo  
21.00 h  
Todos os públicos  
De balde

A Escola de Danzas e Gaitas Virxe do Alivio organiza un ano máis o Festival Vaideson. De novo poderemos gozar do baile tradicional galego, así como dalgunha actuación sorpresa.

#Música&Románico  
#OSonDasPrazas  
#Cultura



## TATIANA KOMAR E ELENA ALONSO

**14****venres**  
xullo

Igrexa de San Salvador  
de Tebra  
20.30 h  
Todos os públicos  
De balde

A rusa Tatiana Komar comezou os seus estudos de música aos 5 anos e tanto durante a súa formación como na súa carreira profesional participou en numerosas orquestras, ensambles e solos. Tamén foi membro da compañía do bailaor flamenco Joaquín Cortés.

A arpista salmantina Elena Alonso Sánchez obtivo diversos premios durante a súa carreira de estudante. Formou parte da “Joven Orquesta” da Comunidade de Madrid e colaborou con orquestras profesionais.



#OSonDasPrazas  
#Cultura  
#Musical

## XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA

15

sábado  
xullo

Praza do Seixo  
22.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Cunha espectacular posta en escena e cunha frescura sen igual, os ritmos e melodías interpretadas por Xosé Lois Romero & Aliboria producen un profundo “latexo” no público. E así se chama o seu segundo álbum, gravado no 2020, no que se recollen temas como a “Muiñeira de Ons”, que conta con máis de 238.000 reproducións en Spotify. Camiño de superar este número vai o seu sinxelo sacado no ano 2022 e titulado “La Leyenda del Tiempo”, unha reinterpretación do icónico tema de Camarón de la Isla, un tema con moitísima forza e pegada na que se pon de manifesto toda a esencia deste equipo.




#OSonDasPrazas  
#Cultura

## 'XOGANDO COA MÚSICA', DE ESPERANZA MARA

**20****xoves**  
xullo

Praza da Mina  
19.30 h  
Todos os públicos  
De balde

O contacontos interactivo 'Xogando coa Música' busca promover a expresión oral e escrita de nenos e nenas impulsando as súas competencias a través dos recursos que proporciona a música como vehículo educativo. A Serea Marea é a encargada de que a soprano Esperanza Mara, xunto coa infancia participante na actividade, poida volver cantar.



#Música&Románico  
#OSonDasPrazas  
#Cultura

## DÍDYMA

**21****venres**  
xullo

Igrexa de Santa María  
de Tomiño  
20.30 h  
Todos os públicos  
De balde

O dúo comeza a súa andaina en plena pandemia, no ano 2020. Co seu espectáculo 'Ida e volta, por favor', estas dúas artistas interpretan ao violoncelo e ao violín músicas de estilo celta. A música xunto coa contorna onde se celebrará o concerto farán posible que a simbiose entre o patrimonio e música cobre, se cadra, máis protagonismo.





#OSonDasPrazas

## FANFARRA KÁUSTIKA

22

sábado  
xullo

Praza do Seixo  
22.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Esta banda ao estilo das fanfarrias balcánicas naceu en Águeda, Portugal. Está composta por músicos de vento e percusión que mesturan distintos estilos de música. Farán desfrutar ao público co seu espectáculo itinerante.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## CONCERTO CORAL POLIFÓNICA DE TOMIÑO COA BAM

**23****domingo**  
xullo

Praza do Seixo  
20.00 h  
Todos os públicos  
De balde

A Coral Polifónica de Tomiño, en colaboración coa Banda de Acordeóns Metropolitana de Torroso (Mos), fará a delicia das persoas presentes.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## XXVIII ENCONTRO DOS POBOS

**24****luns**  
xullo

Praza do Seixo  
22.30 h  
Todos os públicos  
De balde

As persoas asistentes poderán gozar con este consolidado e exitoso festival folclórico organizado polo Grupo de Bailes e Gaitas 'Do Lusco ao Fusco', coa colaboración da concellería de Cultura.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## LÍTORE QUARTET

**28****venres**  
xullo

Igrexa de San Vicente  
de Barrantes  
20.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Centrados no estudo e difusión do repertorio para cuarteto de saxofóns, estes 4 mozos entre os que destaca o tomiñés Hugo Lomba, tratan de amosar un repertorio fresco no que apoian e difunden música de nova creación. Teñen participado en numerosos festivais e concursos, tanto de ámbito nacional coma internacional. Malia a súa curta traxectoria, teñen recollido numerosos galardóns coma o Premio Art Jove Mallorca 2020, o terceiro premio King's Peak Internacional Music Competition dos Estados Unidos en 2021 ou o primeiro premio no Concurso de Música de Cámara (CSMIB) de Palma 2022, entre outros.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## FESTIVAL DE BANDAS

**28**

venres  
xullo

Espazo Fortaleza de  
Goián. No caso de  
choiva, no auditorio  
de Goián  
21.00 h  
Todos os públicos  
De balde

A Agrupación Musical de Goián celebrará o tradicional 'Encontro de Bandas de Música' na beira do río Miño. O obxectivo é ofrecer un concerto compartido con outras bandas invitadas nunha contorna única.





#OSonDasPrazas  
#Cultura

## 'DESCONCERTO', DE CULTURACTIVA PRODUCTIONS

**29**

sábado  
xullo

Praza Pintor Antonio  
Fernández  
21.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Neste espectáculo cómico sobre a música culta, os protagonistas Félix Rodríguez e Fran Rei, dirixidos por Marcos Orsi, chegan tarde ao musical. Co público xa preparado para o comezo da actuación da Orquestra Sinfónica, os protagonistas vense na obriga de improvisar para saír da situación. A partir deste aloucado punto de partida, o espectáculo avanza e o programa previsto execútase.

#OSonDasPrazas  
#Cultura




## CONTACONTOS E OBRADOIRO - POLO CORREO DO VENTO

**30**

**domingo**  
xullo

Mercado Municipal de  
Tomiño  
12.00 h  
Público infantil e xuvenil,  
a partir de 5 anos  
De balde

Grande espectáculo de ilustración e narrativa para coñecer de xeito dinámico, harmónico e divertido a biografía de Francisco Fernández del Riego. Ao remate realizarase un obradoiro de debuxo sobre a figura deste homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## ‘LÚA QUERE VIA- XAR... A MARTE!’, DA XANELA DO MAXÍN

**03****xoves**  
agosto

Praza da Mina  
19.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Despois de dar a volta ao mundo, Lúa sorprende a familia e amizades cunha gran nova: agora quere ir a Marte! Malia todos os atrancos e dificultades, Lúa non está disposta a renunciar ao seu soño de ser astronauta e fará todo o posible para logralo.



#OSonDasPrazas  
#Cine

## CINE 'CANTA 2!'

04

venres  
agosto

Praza do Seixo  
22.00 h  
Público familiar  
De balde

Buster Moon e o seu elenco de estrelas prepáranse para presentar sobre o escenario a súa actuación máis impresionante ate a data... e nada menos que na capital do mundo do espectáculo! Só hai un pequeno inconveniente: antes teñen que persuadir ao roqueiro máis solitario e xoto do mundo, Clay Calloway, para que se una a eles.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## 'MÁIS ALTO AÍNDA', DE DESASTRONAUTS

Graduados en The Circus Space de Londres, Raquel Vezanzones e Giri-sho Gordon achegan a Tomiño o seu espectáculo 'Máis alto aínda'. Con malabares, acrobacias, equilibristas e toques de humor, o espectáculo está garantido.

**05****sábado**  
agosto

Praza Pintor Antonio  
Fernández  
21.30 h  
Todos os públicos  
De balde



# LA VIDA de CALABACÍN

AGOSTO



#OSonDasPrazas  
#Cine

## CINE 'LA VIDA DE CALABACÍN'

**11** **venres**  
agosto

Praza Pintor Antonio  
Fernández  
22.00 h  
Público familiar  
De balde

Calabacín é un nome estraño para un cativo de 9 anos, aínda que a súa historia é sorprendentemente universal. Trala repentina morte da súa nai, Calabacín faise amigo dun simpático policía, Raymond, que o acompaña ao seu novo fogar de acollida con outros orfos da súa idade. Calabacín loita ao principio por adaptarse a ese ambiente raro e hostil. Coa axuda de Raymond e dos seus novos amigos, Calabacín aprenderá a amar e a confiar nos demais.



## 'O TRANVÍA LEONARDO', DE FANTOCHES BAJ

17

xoves  
agosto

Praza da Mina  
19.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Neste espectáculo de narración oral para a infancia, con monicreques e música, cóntase a historia do primeiro tranvía a vapor da Galiza. Para a posta en escena, será precisa a participación do público, que deberá aprender a pronunciar o “Trabalinguas das Trisílabas” ou cantar a “Maturrangaina” pronuncianando os números en galego do un ao dez. A sorpresa estará garantida e, ademais, os meniños e meniñas asistentes levarán un pequeno agasallo para as súas casas.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## CONCERTO DA AGRUPACIÓN MUSICAL DE GOIÁN

**18**

venres  
agosto

Praza do Seixo  
22.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Nesta especial ocasión a Agrupación Musical de Goián dirixida por Pedro Villarroel González dará o seu esperado concerto do verán tan único cun artista ou grupo musical invitado, como vén facendo nos últimos anos.



AGOSTO

#OSonDasPrazas  
#Cultura

## ‘ÓPERA BREAKS’, DE ESPERANZA MARA

19

sábado  
agosto

Praza do Seixo  
22.30 h  
Todos os públicos  
De balde

Nos distintos estilos musicais que atoparemos nesta obra, podemos destacar ópera, breakdance, beat-box, DJ. A proposta chega da man da soprano Esperanza Mara e dos artistas urbanos Vella Escola que, a través da expresión musical e corporal, combinan o clásico co urbano nun espectáculo multidisciplinar. Atreveste a liberar a túa mente de prexuízos?



## CINE 'COCO'

25

venres  
agosto

Praza do Seixo  
22.00 h  
Público familiar  
De balde

Miguel é un cativo que soña con converterse en lenda da música a pesares da prohibición da súa familia. A súa paixón levarao a adentrarse na 'Terra dos mortos', onde coñecerá o seu verdadeiro legado familiar.



#OSonDasPrazas  
#Cultura

## 'ZONA EN OBRAS', DE BRAIS DAS HORTAS

31

xoves  
agosto

Praza da Mina  
19.30 h  
Público familiar  
De balde

Atención! Esta contada está en obras. Si, está sen acabar, pero non vos preocupedes, temos unha escada, tubos de antenista, unha guitarra eléctrica cun looper, unha batería cun capacho e un caldeiro, ferramentas... e a axuda do inestimable público. Malo será que entre todas e todos non acabemos estes contos cheos de música e ritmo. Contos de osos tristes, de extraterrestres que viaxan en caldeiros de fregar, de cans de palleiro que se converten en superstars... A nova tolería de Brais das Hortas. Contos, música, monicreques, instrumentos con obxectos e moita interacción co público.



# O ALI VIO

*#OAlivio  
#Cultura*



## 'ASACOCIRCO SHOW', DE COMPAÑÍA ASACOCIRCO

Este espectáculo familiar nada da idiotez e tolemia dos seus protagonistas, Mirroska e Juanito, os dous clowns que forman este mini circo. O espectáculo combina humor e destreza física a partes iguais, técnica e ritmo con poucas palabras e un xogo cómico onde o público se sentirá parte da trama, na que sempre hai lugar para as sorpresas.

*#OAlivio*

*#OSonDasPrazas*

*#Cultura*

**04****luns**

setembro

Praza do Seixo.  
En caso de choiva,  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
19.00 h  
Todos os públicos  
De balde





## 'A GRAN AVENTURA DOS ANIMAIS', DE TRÉMOLA TEATRO

Nesta actividade de contacontos o público descubrirá a divertida historia de Emilia, unha gata que cansa de estar sempre na súa casa decide viaxar arredor do mundo para descubrir que hai mais aló.

*#OAlivio*

*#OSonDasPrazas*

*#Cultura*

**05**

**martes**  
setembro

Praza do Seixo.  
En caso de choiva,  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
19.00 h  
Todos os públicos  
De balde



## 'A RAMONA PEQUENA VAI Á LÚA', DE PAKOLAS

A obra forma parte do librodisco 'Pequena Ramona', no que Ramona, unha nena moi espelida e imaxinativa, lembra a súa infancia. Nesta aventura, Ramona viaxa aos anos 60 onde, con 6 anos, xa tiña inque-  
danzas polos libros de aventuras de Julio Verne. Froito do seu gusto  
polos relatos deste grande da literatura, Ramona cuestiónase como  
serán as leiras que ten a Lúa, se sería cultivable, se habería auga, se  
os habitantes saberían falar galego...

#OAlivio

#OSonDasPrazas

#Cultura



06

mércoles  
setembro

Praza do Seixo.  
En caso de choiva,  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
19.00 h  
Todos os públicos  
De balde



## 'CANTO CONTO!' DE BRAIS IRIARTE

Da música académica, pasando polo blues, o jazz e o rock ate chegar á música actual, Brais Iriarte e Iván Davila deleitarán ao público cun espectáculo onde farán unha viaxe no tempo percorrendo distintos estilos musicais. O espectáculo gustará e, dun xeito participativo, didáctico e multidisciplinar o público cantará, bailará e rirá.

*#OAlivio*

*#OSonDasPrazas*

*#Cultura*

**07**

**xoves**  
setembro

Praza do Seixo.  
En caso de choiva,  
Mercado Municipal  
de Tomiño  
20.00 h  
Todos os públicos  
De balde



## ACTO CÍVICO

Nesta nova edición do Acto Cívico do Alivio, o Concello de Tomiño homenaxeará, como vén sendo habitual, a unha persoa tomiñesa distinguida. Neste acto participa tamén a Agrupación Musical de Goián, dirixida por Pedro Villaroel González.

*#OAlivio*

*#OSonDasPrazas*

*#Cultura*



09

sábado  
setembro

Praza do Seixo  
21.00 h  
Todos os públicos  
De balde



# IN FANCIA

*#Infancia*



#Infancia

## CAMPAMENTO URBANO EN TOMIÑO

03

luns  
xullo

ata luns 31 de xullo

Instalacións do colexio  
Pedro Caselles Beltrán  
De 09.00 a 14.00 h (de  
luns a venres)

De 3 a 12 anos (serán  
separados/as por gru-  
pos de idade)

90€ (60€ para quen  
asista só medio mes)

O obxectivo é transmitir que a natureza e as persoas son o centro da vida. Dentro da programación, haberá actividades medioambientais, relacionadas coa igualdade ou para abordar a alimentación consciente. Ademais faranse xogos deportivos e crearase unha revista dixital sobre as experiencias vividas no campamento. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

### Para máis información:

604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)



#Infancia

## CAMPAMENTO MUSICAL

21

luns  
agosto

ata o venres 1 de setembro

Auditorio de Goián  
De 10.00 a 14.00 h  
De 3 a 12 anos  
1 semana 30€ (socias banda 15€) e 2 semanas 45€ (socias banda 25€)

Impartido por profesionais da Agrupación Musical de Goián. A través de actividades lúdicas, a infancia participante coñecerá diferentes composicións musicais creadas por mulleres, achegándose ás súas biografías e traxectorias profesionais. Todo isto configurado como “viaxes temáticas” mediante distintas actividades onde a finalidade principal é gozar coa música. Realizaranse actividades e obradoiros variados, como miniconcertos de solistas, actividades manipulativas con elementos naturais, obradoiros de instrumentos musicais con material de refugallo, manipulación de instrumentos ou actividades de abstracción mediante a música.





# MOCIDADE

*#MocidadeActiva*

*#Mocidade*





#OSonDasPrazas  
#Cultura  
#Mocidade

## OPERACIÓN TRIUNFIÑO EN TOMIÑO

### O curso

**11****martes**  
xullo

ata xoves 13 de xullo  
No Mercado de Goián  
De 10.00 a 13.30 h

Despois do éxito da primeira edición repetimos a experiencia! Técnica vocal, actitude escénica, repertorio e actuación final. A mocidade participante recibirá formación previa e realizará un ou varios concertos finais: unha peza colectiva a coro e unha individual por participante, escollidas por cada persoa e preferentemente memorizadas, con acompañante gravado.

### O concerto

Será o domingo 16 de xullo  
Na Carballeira ou, en caso de choiva, no auditorio de Goián  
11.00 h | Todos os públicos | 20€



#OSonDasPrazas  
#Cultura  
#Mocidade

## OBRADOIRO E CONCERTO FILLAS DE CASSANDRA

### O obradoiro

**12****sábado**  
agosto

No Espazo Mercado  
de Goián  
De 19.00 a 21.00 h  
A partir de 12 anos  
De balde

A mocidade poderá participar de balde neste obradoiro organizado e levado a cabo polas compoñentes das Fillas de Cassandra. Inscripción: <https://tomino.gal/>

Pola súa banda, no concerto Fillas de Cassandra apostará pola recuperación de melodías tradicionais e a creación de novas letras, inspiradas no canto de tradición oral, pero tamén influenciadas polo pop, a electrónica e a música clásica nun espectáculo que bebe do teatro.

### O concerto

Praza Pintor Antonio Fernández  
22.00 h | Todos os públicos | De balde

# DEPO RTE

*#Deporte*



#Deporte

## CAMPUS DE TENIS

**Meses de xullo  
e agosto**

Pistas de tenis  
do Mosteiro  
Luns e mércores  
en quendas de 10.00 a  
11.00 h/de 11.00 a 12.00  
h/de 12.00 a 13.00 h  
Venres en quendas de  
17.00 a 18.00 h/de 18.00 a  
19.00 h/de 19.00 a 20.00 h  
De 5 a 17 anos  
20€/mes

Impartido por unha persoa profesio-  
nal da materia en pistas municipais  
co obxectivo de introducir neste  
deporte á infancia e á adolescencia  
interesada. Menores de idade:  
autorización materna, paterna ou do  
titor/a legal.

**Para máis información:**  
604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**



#Deporte

## CAMPUS DE PÁDEL

Meses de xullo  
e agosto

Pistas de tenis  
do Mosteiro  
Martes e xoves  
de 10.30 a 11.30 h e  
de 11.30 a 12.30 h  
De 5 a 17 anos  
25€/mes

Impartido por unha persoa profesional da materia en pistas municipais co obxectivo de ensinar os aspectos técnico-tácticos deste deporte de xeito divertido, mediante exercicios de curta duración e moita variedade. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

### Para máis información:

604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**

#Deporte

## CAMPUS DE BALONCESTO

03

luns  
xullo

Ata o mércores  
12 de xullo

Pavillón de Goián  
Luns e mércores de  
11.00 a 12.30 h  
De 10 a 15 anos (posi-  
bilidade de ampliar ou  
reducir o rango de idade  
en función da demanda)  
12€

A infancia asistente vai coñecer as regras básicas deste deporte e a desenvolver as habilidades motrices básicas a través da práctica do baloncesto iniciándose na técnica. Tamén se van favorecer as relacións interpersoais, así como promover o desfrute deste deporte mediante a aprendizaxe baseada en xogos. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

**Para máis información:**  
604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**



#Deporte

## CAMPUS DE FÚTBOL FEMININO

03

luns

xullo

ata o venres 14  
de xullo

Campo de fútbol do  
Alivio  
De 09.00 a 13.30 h  
Nenas de 6 a 16 anos  
55€

A idea de organizar un campus de fútbol unicamente feminino ten como obxectivo potenciar e promocionar aínda máis o deporte feminino entre a poboación, coa posibilidade de captar novas xogadoras que formen parte dun club organizado. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

### Para máis información:

604 062 369 / omix@tomino.gal

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**





#Deporte

## CURSO DE INTRODUCCIÓN AO TAI CHI CHUAN CON ABANO

04

**martes**

xullo

ata o xoves 27 de  
xullo

Espazo Fortaleza de  
Goián

Martes e xoves de 11.00  
a 12.00 h

A partir de 12 anos

25€

O Tai Chi Chuan con abano é un traballo moi completo que axuda a tonificar ombros, relaxar e mobilizar a cintura e cadeira e aumentar o rango de movemento articular, así como a forza en mans e pernas. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

### **Para máis información:**

604 062 369 / omix@tomino.gal

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**





XULLO

#Deporte

## CURSO DE PROMOCIÓN DO PIRAGÜISMO PARA PERSOAS ADULTAS

**1ª quenda: martes  
4 e 11 de xullo**

**2ª quenda: martes  
1 e 8 de agosto**

Club Deportivo Miño  
Río Miño (Goián)  
De 11.00 a 13.00 h  
A partir de 18 anos  
40€ (20€ se só poden  
asistir un día)

O obxectivo deste curso é dar a coñecer o piragüismo e o río como unha actividade segura para todas aquelas persoas maiores de idade que queiran iniciarse. Ademais, as persoas participantes poderán coñecer o Club Deportivo Miño e así facer uso del cando queiran. A actividade desenvolverase no río Miño en Goián.

**Obrigatorio saber nadar**



#Deporte

## **CURSO DE PROMOCIÓN DO PADDLE SURF PARA PERSOAS ADULTAS**

**1ª quenda: xoves 6  
e 13 de xullo**

**2ª quenda: xoves 3  
e 10 de agosto**

Club Deportivo Miño  
Río Miño (Goián)  
De 11.00 a 13.00 h  
A partir de 18 anos  
40 €/quenda (20€ se só  
poden asistir un día)

O obxectivo deste curso é dar a coñecer o paddle surf e o río como una actividade segura para todas aquelas persoas maiores de idade que queiran iniciarse. Ademais, as persoas participantes poderán coñecer o Club Deportivo Miño e así facer uso del cando queiran.

**Obrigatorio saber nadar**

#Deporte

## CAMPUS DE SKATE

17

luns  
xullo

ata o luns 31 de xullo

SkatePark de Goián

De luns a venres:

GRUPO A (6-15 anos) de

10.00 a 14.00 h

GRUPO B (a partir 16

anos) de 16.00 a 20.00 h

A partir de 6 anos

50€

O campamento 'Vrán skate camp' é unha actividade deportiva de iniciación e perfeccionamento no skateboarding. Teranse tamén en conta valores que rodean ao skate como son a convivencia, compañeirismo, esforzo e autosuperación, coidado das instalacións..., de modo que a rapazada amose interese e se mergulle nesta disciplina dunha forma respectuosa e divertida. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

### Para máis información:

604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal).**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**

#Deporte

## CAMPUS MIXTO DE FÚTBOL

17

luns  
xulloata o venres  
28 de xullo

A escoller entre Campo de fútbol da Carballa, en Tomiño, ou campo de fútbol Lito Oliveira de Goián

De luns a venres de  
09.30 a 13.30 h

De 4 a 16 anos  
55€

Ten o obxectivo de introducir ás persoas interesadas neste deporte e, alén diso, cóntase cunha área formativa para educar en valores como traballo cooperativo, fomento do respecto, prevención do acoso escolar. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

### Para máis información:

604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)

#Deporte

## CAMPUS DE BÁDMINTON

**31****luns**  
xullo

ata o venres 11 de  
agosto

Pavillón Polideportivo da  
Carballa

De luns a venres de  
11.00 a 13.00 h

De 6 a 16 anos  
45€

O bádminton require un esforzo individual, tanto físico como mental, mellorando nas persoas habilidades como a superación, a disciplina ou a confianza en si mesmas. Tamén xera un desenvolvemento psicomotor que implica grandes grupos musculares. O nivel de aprendizaxe do campus é de iniciación e a actividade vai destinada a nenos e nenas que pretendan introducirse no deporte ou que xa teñan certos coñecementos. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

**Para máis información:**

604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal).

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**

#Deporte

## CAMPUS DE ATLETISMO

**31**luns  
xulloata o venres  
04 de agosto

Pista de Atletismo do concello de Tomiño  
De luns a venres de 10.30 a 13.00 h (3 grupos dunha hora ou dous grupos dunha hora e media)  
A partir de 6 anos e sen límite de idade  
20€

Impartido pola Sociedade Atlética do Trega. O obxectivo é introducir á infancia asistente nesta práctica deportiva para inicialos no atletismo mediante o traballo das habilidades motrices de cada especialidade (carreiras, saltos e lanzamentos) e realizar traballo específico de tecnificación de cada especialidade para atletas con coñecementos máis avanzados.

**Para máis información:**  
604 062 369 / [omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal)

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**

#Deporte

## IOGA DA RISA

01

martes  
agostoata o xoves 31  
de agostoEspazo Fortaleza de  
Goián

Martes e xoves:

GRUPO A (de 9 a 12

anos) de 10.30 a 11.30 h

GRUPO B (de 6 a 8 anos)  
de 12.00 a 13.00 h

De 6 a 12 anos

12€

É unha actividade que mestura posturas de ioga, xogos, exercicios de risa e respiración para activar o corpo. Practicaranse sempre os 3 'R': Rir, Respirar e Relaxar. Realízanse posturas de ioga, dinámicas de xogo, exercicios de respiración para activar o corpo e a risa, técnicas de relaxación e meditacións para desenvolver habilidades físicas e emocionais. Menores de idade: autorización materna, paterna ou do titor/a legal.

**Para máis información:**

604 062 369 / omix@tomino.gal.

**Inscripcións en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal)**





# TU RIS MO

*#Turismo*



## RUTAS DE ARTES E OFICIOS

Trátase dunha actividade gratuíta e para todos os públicos cun grande éxito de participación en todas as edicións anteriores. As rutas están enfocadas nos oficios e/ou nas artes, permitindo así coñecer mellor ás empresas e particulares que desempeñan un oficio tradicional ou visitar obradoiros de artistas do municipio.

**13****xoves**  
xullo**20****xoves**  
xullo**03****xoves**  
agosto**10****xoves**  
agosto

Enviarase punto de encontro por correo electrónico a todas as persoas que se inscriban en [www.tomino.gal](http://www.tomino.gal) 20.30 h  
Todos os públicos  
De balde



#Turismo

The background is a vibrant red with a fine halftone dot pattern. A large, solid red inverted triangle is positioned in the upper left quadrant. The text 'VOLUNTARIADO' is centered in the upper right area in a bold, white, sans-serif font. Below the main title, the hashtag '#Voluntariado' is written in a smaller, white, italicized sans-serif font. The overall design is clean and modern, emphasizing the theme of volunteerism.

# VOLUNTARIADO

*#Voluntariado*



#Voluntariado  
#MocidadeActiva  
#OSonDasPrazas

## DÍA INTERNACIONAL LIBRE DAS BOLSAS DE PLÁSTICO

**01****sábado**  
xullo

Praza do Seixo  
De 10.00 a 14.00 h  
Todos os públicos  
De balde

Durante o mes de xuño levarase a cabo unha campaña nas redes sociais coa recompilación de frases relacionadas co voluntariado e co medio ambiente para estampar en bolsas de tea que se van repartir nun 'posto de voluntariado' na Praza do Seixo, onde tamén se dará información do programa.



#Voluntariado  
#MocidadeActiva  
#OSonDasPrazas

## DÍA MUNDIAL DA SAÚDE SEXUAL

**06****mércoles  
setembro**

Praza do Seixo e arredores  
De 10.00 a 14.00 h  
Mocidade  
De balde

As persoas voluntarias do concello de Tomiño van recompilar información para a creación e deseño dun folleto que recolla os recursos de asesoramento e información dispoñibles no municipio e tamén na contorna dixital. A finalidade desta xornada será a de concienciar á poboación sobre a importancia de practicar unha sexualidade responsable e informar sobre as ITS (Infeccións de Transmisión Sexual) e conmemorar así o 4 de setembro, Día Mundial da Saúde Sexual.



# EURO CIDA DE

*#Eurocidade*



#EuroCidade  
#OSonDasPrazas

## CERVEIRA AO PIANO

**21**

**venres**  
xullo

**22**

**sábado**  
xullo

Auditorio Municipal de  
Vila Nova de Cerveira  
22.00 h  
Todos os públicos

O emblemático festival promete dous días de música de excelencia coa presenza de artistas nacionais e internacionais.



#EuroCidade  
#OSonDasPrazas

## 'A ERA VIKING' NA FESTA DA HISTORIA

**17** **xoves**  
agosto

ao domingo  
20 de agosto

Centro Histórico  
(Vila Nova de Cerveira)  
Horario, público e prezo:  
Consultar programa propio

Despois da 'Invasión Vikinga' na edición anterior, este ano a proposta é afondar nas costumes e nos hábitos vikingos. Durante catro días, o mercado medieval estará invadido polo espírito dos guerreiros nórdicos, recreando hábitos e vivencias da época, así coma a arte que daquela se producía. Mercaderes e artesás encherán as rúas amosando oficios, espectáculos teatrais e animación de rúa, con persoas armadas, nobres, clérigos, homes e mulleres do pobo... que revelan historias do cotiá. Para completar o escenario non podían faltar os xogos tradicionais, os paseos en barco vikingo, o campamento ou as apetitosas comidas da época, entre moitas outras novidades.





**Domingo**  
**20 agosto 2023**

**9:30 a 18:30 h**

**Aula Museo**  
**Antonio Fernández**  
**(Goián)**

**AGOSTO**

# **XI CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNÁNDEZ**

**Cerveira + Tomiño**  
EUROCIDADE

## **XI CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNÁNDEZ**

**20**

**domingo**  
**agosto**

Goián e Vila Nova de  
Cerveira  
De 09.30 a 18.30 h  
Categoría infantil,  
xuvenil e adultos  
De balde

Tomiño e Cerveira celebra un ano máis o Certame de pintura ao aire libre Antonio Fernández. As persoas participantes poderán pintar en ambas marxes do río. Contará con categorías de participación por idades (infantil, xuvenil e adulto) e con premios de ata 1.500 euros na categoría adultos e de material de pintura nas de infantil e xuvenil. A inscrición será en liña a través da páxina web da Eurocidade Cerveira-Tomiño

[eurocidadecerveiratomiño.eu/  
actividades](http://eurocidadecerveiratomiño.eu/actividades)



#EuroCidade  
#OSonDasPrazas

## FESTIVAL DA PIZZA

**14****xoves**  
setembro

ao domingo  
17 de setembro

Centro Histórico  
(Vila Nova de Cerveira)  
Horario, público e prezo:  
Consultar programa propio

Tras o éxito da primeira edición, Vila Nova de Cerveira volve acoller un festival gastronómico dedicado á maior icona italiana: a pizza. Este ano, mantendo a participación das pizzerías locais, o programa será ampliado a catro días coa dinamización de espectáculos de Pizza Acrobática, concertos e obradoiros de pizza para público adulto e infantil, entre outras sorpresas. O certame conta con dous trofeos: o 'Trofeo Júnior' de participación espontánea dedicado á cativada e o 'Trofeo del Pizzaiolo' do Alto Minho.



# CALEN DAR IO

xuño—xullo  
agosto—setembro

**CIMDTVE**



# XU ÑO



# XU LLO

- 24 venres  
**Concerto XXV  
aniversario  
Agrupación  
Musical de Goián**

- xullo e agosto  
**Campus de tenis**
- xullo e agosto  
**Campus de pádel**

- ▼ 01 sábado  
**Día Internacional libre  
das bolsas de plástico**

- 02 domingo  
**Uxía Lambona  
e a Banda Molona**

- 03 luns ao mércores 12  
**Campus de baloncesto**

- 03 luns ao venres 14  
**Campus de fútbol  
feminino**

- 03 luns ao luns 31  
**Campamento urbano  
en Tomiño**

- 04 martes ao xoves 27  
**Curso de introdución  
ao Tai Chi Chuan con  
abano**



- 04 martes e 11 (1ª quenda) -  
01 martes e 08 de agosto (2ª quenda)  
**Curso de promoción do piragüismo para persoas adultas**
- 06 xoves  
**'En busca dos monstros', de Trémola Teatro**
- 06 xoves e xoves 13 (1ª quenda) - xoves 3 e 10 de agosto (2ª quenda)  
**Curso de promoción do paddle surf para persoas adultas**
- 07 venres  
**Caamaño&Ameixeiras**
- 08 sábado  
**V Edición Vaideson 23**
- 11 martes ao xoves 13  
**Operación triunfño en Tomiño**
- 13 xoves e xoves 20 | 3 e 10 de agosto  
**Rutas de artes e oficios**
- 14 venres  
**Tatiana Komar e Elena Alonso**
- 15 sábado  
**Xosé Lois Romero & Aliboria**
- 17 luns ata o luns 31  
**Campus de Skate**
- 17 luns ata o venres 28  
**Campus mixto de fútbol**
- 20 xoves  
**'Xogando coa música', de Esperanza Mara**
- 21 venres  
**Dídyma**
- 21 venres e sábado 22  
**Cerveira ao piano**
- 22 sábado  
**Fanfarra Káustika**
- 23 domingo  
**Concerto coral polifónica de Tomiño coa BAM**
- 24 luns  
**XXVIII ENCONTRO DOS POBOS**
- 28 venres  
**Lítore Quartet**



# XU LLO



# AGO STO

- 28 venres  
**Festival de Bandas**
  - 29 sábado  
**'Desconcerto',  
de Culturactiva  
Productions**
  - 30 domingo  
**Contacontos e  
obradoiro - Polo correo  
do vento**
  - 31 xullo ata o venres  
04 de agosto  
**Campus de atletismo**
  - 31 xullo ata o venres  
11 de agosto  
**Campus de bádminton**
  - 01 martes ata  
xoves 31  
**loga da risa**
  - 03 xoves  
**Lúa quere viaxar... a  
Martel!', da Xanela do  
Maxín**
  - 04 venres  
**Cine 'Canta 2!'**
  - 05 sábado  
**'Máis alto aínda', de  
Desastronauts**
  - 11 venres  
**Cine 'La vida de  
Calabacín'**
  - 12 sábado  
**Obradoiro e concerto  
Fillas de Cassandra**
  - 17 xoves  
**'O tranvía Leonardo',  
de Fantoches Baj**
- 



# SETEMBRO

17 xoves ata domingo 20  
**'A Era Viking'**  
na Festa da Historia

18 venres  
**Concerto da  
Agrupación Musical  
de Goián**

19 sábado  
**'Ópera Breaks',  
de Esperanza Mara**

20 domingo  
**XI Certame de Pintura  
ao aire libre Antonio  
Fernández**

21 luns ata venres  
01 de setembro  
**Campamento musical**

25 venres  
**Cine 'Coco'**

31 xoves  
**'Zona en obras',  
de Brais das Hortas**

04 luns  
● **'Asacocirco Show',  
de Compañía  
Asacocirco**

05 martes  
● **'A gran aventura dos  
animais', de Trémola  
Teatro**

06 mércores  
● **'A Ramona pequena  
vai á Lúa', de Pakolas**

▼ 06 mércores  
**Día Mundial da  
Saúde Sexual**

07 xoves  
● **'Canto conto!'  
de Brais Iriarte**

09 sábado  
● **Acto cívico**

14 xoves ata  
domingo 17  
**Festival da pizza**









# Tomino

CONCELLO

## Inscricións.

[www.tomino.gal](http://www.tomino.gal) — 

[omix@tomino.gal](mailto:omix@tomino.gal) — 

+34 986 622 001 — 

Praza do Seixo, 1  
36740 Tomiño

## Distribución gratuita.

Poden existir alteracións da programación e calendario desta axenda



XUNTA  
DE GALICIA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

AGADIC



Agencia Galega das  
Industrias Culturais